

## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

### ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº2/2015, EXTRAORDINARIA ORGANIZATIVA, REALIZADA O 9 DE XULLO DE 2015.

#### ASISTENTES

##### Presidente

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis(PP)

##### Concelleiros/as

##### Grupo municipal do PP

DUARTE GERPE, Florinda  
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso  
RAMILO VARELA, Margarita  
BARBEITO REY, Carlos  
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel  
REGUEIRA MOAR, Rubén

##### Grupo municipal do PSdeG-PSOE

COUTO LÓPEZ, Pablo  
CETINA MOCHALES, Jesús Javier  
BLANCO FIDALGO, Patricia  
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria

##### Grupo municipal mixto

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

##### Interventora do Concello

Noemí González Mato

##### Secretario do Concello

Diego García Doval

##### NON ASISTE

ORGEIRA CAMPELO, José Francisco (PSdeG-PSOE)

**HORA DE INICIO:** 12:03

**HORA DE REMATE:** 13:27

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:03 horas do 9 de xullo de 2015, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto do 6 de xullo de 2015, e dada a necesidade de dar cumprimento ao establecido no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante), reúnense na sesión 2/2015, de carácter extraordinario, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

#### ORDE DO DÍA

- 1.-Dación de conta da constitución dos grupos políticos municipais.
- 2.-Proposta de acordo sobre periodicidade das sesións do Pleno.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

- 3.- Proposta de acordo sobre constitución de comisións informativas permanentes.
- 4.- Proposta de nomeamentos de competencia do Pleno de representantes da Corporación en órganos colexiados.
- 5.- Proposta de acordos plenarios referentes a retribucións de cargos con adicación exclusiva e parcial e réxime de adicación destes últimos.
- 6.- Proposta de asistencias pola concorrencia efectiva a sesións de órganos colexiados da Corporación.
- 7.- Dación de conta de resolucións da Alcaldía en materia de nomeamentos e delegacións.
- 8.- Proposta de delegación de atribucións do Pleno.
- 9.- Proposta de derogación do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Carral.

### 1.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Logo de constituírse a Corporación do Concello de Carral para o mandato 2015-2019 na sesión plenaria realizada o 13 de xuño de 2015, haberán de conformarse os correspondentes grupos políticos municipais para a actuación corporativa dos/as señores/as concelleiros/as.

A tales efectos, hase de ter en conta o establecido no texto vixente das seguintes disposicións

#### **Artigo 73.3. par 1º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:**

*"3. A efectos de su actuación corporativa, los miembros de las corporaciones locales se constituirán en grupos políticos, en la forma y con los derechos y las obligaciones que se establezcan con excepción de aquéllos que no se integren en el grupo político que constituya la formación electoral por la que fueron elegidos o que abandonen su grupo de procedencia, que tendrán la consideración de miembros no adscritos."*

#### **Artigos 23 a 25 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais:**

##### **"Artículo 23**

1. Los miembros de las Corporaciones Locales, a efectos de su actuación corporativa, se constituirán en grupos.

2. Nadie puede pertenecer simultáneamente a más de un grupo.

##### **Artículo 24**


1. Los grupos políticos se constituirán mediante escrito dirigido al Presidente y suscrito por todos sus integrantes, que se presentará en la Secretaría General de la Corporación dentro de los cinco días hábiles siguientes a la constitución de la Corporación.

2. En el mismo escrito de constitución se hará constar la designación de Portavoz del grupo, pudiendo designarse también suplentes.

##### **Artículo 25**

De la constitución de los grupos políticos y de sus integrantes y portavoces, el Presidente dará cuenta al Pleno en la primera sesión que se celebre tras cumplirse el plazo previsto en el número 1 del artículo anterior."





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:*

### **Artigos 74 e 75 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia:**

#### "Artigo 74

1.- Os concelleiros, para os efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en grupos, que se corresponderán cos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que obtivesen postos na Corporación.

2.- Cada partido político, federación, coalición ou agrupación constituirá un único grupo

3.- Ninguén pode pertencer simultaneamente a máis dun grupo.

4.- Integraranse, en todo caso, no grupo mixto os membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non obtivesen un mínimo de dous escanos. No suposto de que non existise grupo mixto, este quedará constituído polo membro do partido político, federación, coalición ou agrupación que obtivese un só escano.

5.- Durante o mandato da Corporación, ningún membro dela poderá integrarse nun grupo distinto daquel en que o faga inicialmente.

#### Artigo 75

1.- Os grupos políticos constituiranse mediante escrito dirixido ó presidente e subscrito por tódolos seus integrantes, que se presentará na Secretaría Xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación. Se algún concelleiro non asinase o escrito de constitución do grupo, isto non impedirá a súa constitución e os non asinantes integraranse no grupo mixto.

2.- No mesmo escrito de constitución farase constar a designación do voceiro do grupo, podendo designarse tamén suplentes.

3.- Da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e voceiros o presidente daralle conta ó Pleno na primeira sesión que se desenvolva tras cumprirse o prazo previsto anteriormente."

Así, en cumprimento dos preceptos indicados, dáse conta da constitución dos seguintes grupos municipais:

-Grupo municipal do Partido Popular (escrito asinado polos seus integrantes, D. José Luis Fernández Mouriño, D. José Manuel Montes Martínez, Dª Margarita Ramilo Varela, D. Alfonso García González, Dª Florinda Duarte Gerpe, D. Carlos Barbeito Rey e D. Rubén Regueira Moar; presentado no rexistro xeral do Concello o 19 de xuño de 2015, nº de entrada 1.584, e dilixenciado pola Secretaria accidental do Concello). Nel designan coma voceira do grupo á señora Duarte Gerpe, e coma suplente ao señor García González.

-Grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español Popular (escrito asinado polos seus integrantes, D. Pablo Couto López, D. Jesús Cetina Mochales, D. Francisco Orgeira Campelo, Dª Patricia Blanco Fidalgo e Dª Candela Rodríguez Lado; presentado no rexistro xeral do Concello o 19 de xuño de 2015, nº de entrada 1.582, e dilixenciado pola Secretaria accidental do Concello). Nel designan coma voceiro do grupo ao señor Couto López, sen indicar suplente.

-O grupo municipal mixto (Asemblea Cidadá de Carral-SON) queda constituído por ministerio da lei e integrado polo señor D. César Manuel Bergondo Trillo





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

### 2.-PROPOSTA DE ACORDO SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.

#### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 6 de xullo de 2015, como segue:

#### "PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

##### **Asunto: Periodicidade das sesións ordinarias do Pleno**

Logo de ver o artigo 46.2.a) par 1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adiante), segundo o cal "El Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo cada mes en los Ayuntamientos de municipios de más de 20.000 habitantes y en las Diputaciones Provinciales; cada dos meses en los Ayuntamientos de los municipios de una población entre 5.001 habitantes y 20.000 habitantes; y cada tres en los municipios de hasta 5.000 habitantes. Asimismo, el Pleno celebra sesión extraordinaria cuando así lo decida el Presidente o lo solicite la cuarta parte, al menos, del número legal de miembros de la Corporación, sin que ningún concejal pueda solicitar más de tres anualmente. En este último caso, la celebración del mismo no podrá demorarse por más de quince días hábiles desde que fuera solicitada, no pudiendo incorporarse el asunto al orden del día de un Pleno ordinario o de otro extraordinario con más asuntos si no lo autorizan expresamente los solicitantes de la convocatoria.",

Por iso, propoño ao Pleno do Concello de Carral que, en uso da atribución propia (art. 22.2 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adiante), en relación co 38.a) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF en adiante), adopte os seguintes

#### ACORDOS:

- 1.-Fixar a realización das sesións ordinarias do Pleno do Concello de Carral cada dous meses, no derradeiro xoves dos meses impares (xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro).
- 2.-As devanditas sesións ordinarias do Pleno realizaranse ás doce horas.
- 3.-A sesión trasladarase ao inmediato día hábil anterior ou posterior en caso de ser inhábil o día sinalado.
- 4.-Facultar, asemade, ao señor Alcalde, para adiantar ou adiar a realización da sesión, sen alterar o número delas que se deberán realizar durante o exercicio, para facilitar a asistencia dos/as membros da Corporación, no caso de coincidir con periodos vacacionais cuxas datas varían de ano a ano, ou por necesidades de cumprimento de prazos polos acordos plenarios correspondentes nos expedientes en que se xustifique tal circunstancia."

#### DEBATE


O señor Bergondo Trillo (voceiro do grupo municipal mixto-ACC/SON) dá lectura á súa intervención e solicita a súa transcripción literal na acta, para o cal facilita a súa transcripción en formato dixital, como segue:

"Bo día a todos e todas, en primeiro lugar quero perdirlas desculpadas se nalgún momento trabucome ou non me expreso coa propiedade axeitada xa q son novo nesto da política nestes temas administrativos e, por exemplo, vostede, Sr. Mourinho leva bastante mais da metade da miña vida metido neste concello dunha maneira ou doutra.

#### **Proposta de acordo sobre periodicidade das sesións**

O Pobo é quen máis ordena. Ese debe ser o principio reitor, non so do goberno senón de calquera cargo público. Dende logo é a razón de ser da Asemblea Cidadá de Carral porque queremos





## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:*

*maior poder de decisión para a cidadanía. Pero para que o pobo poida ordenar o primeiro que ten que facer a corporación e facilitarlle a información é o acceso á institución. Desenvolver os plenos polas mañás, en horario laboral, non so coarta a participación da veciñanza, senón que nalgúns casos impide e bloquea directamente a asistencia.*

*Sr Mouriño, ¿q maldade ten pensado facer para agachar os plenos á veciñanza ou é pq sente vergoña pola súa nefasta xestión e nula eficiencia? coma amosa o feito de q nunha década foi quen de afundir o concello, que non so ten unha grande débeda, senón que ten cortado o acceso a novos créditos, e polo tanto non poderá financiar mediante crédito novas inversións durante o ano 2015, ao arrastrar un remanente de tesourería negativo do exercicio orzamentario anterior, tal e como indica o informe da intervención municipal. Asemade, aínda quedan por pagar no orzamento do 2015, 46.687,48 euros que non foron pagados no ano 2014. Neste sentido lamentamos que diante do colapso económico que impide financiar mediante crédito investimentos durante o 2015, en lugar de buscar a eficiencia e moderar o gasto, o goberno municipal incrementou en preto de medio millón de euros o gasto corrente, comprometendo o 86% do orzamento, tal e como sinala o informe da intervención que acompañaron aos orzamentos deste ano. Na estrutura orzamentaria vese que entre os gastos de persoal e os gastos correntes de funcionamento do Concello gástanse 2,7 millóns sobre un total de 3,3. O que supón uns gastos fixos estruturais do 80% do orzamento. Si engadimos ás cantidades destinadas a pagar débeda, alcanzase un total de 2,9 millóns que supoñen un 86% do orzamento.*

*A falta de execución nos orzamentos dos anos 2013 e 2014 foron do 57% e 50% no referente ao capítulo 6 de inversións. O que supón que en plena crise, o Concello de Carral permitiuse o luxo de deixar sen executar máis da metade das inversións reais. Inversións que permitirían mellorar a calidade de vida da veciñanza, promover a economía local e xerar emprego. Os datos demostran con claridade a pésima xestión dos populares, pero polo que se desprende das propostas que trae o "novo" goberno, a cousa empeorará durante este mandato, aínda que so sexa polo incremento da nómina do Sr. alcalde .*

*É vostede tan chapuceiro e amosa tan pouco interese por cumprir coa ilegalidade vixente q nin se molestou en asinar a documentación correspondente ao pleno en tempo e forma, convertendo esta sesión en nula de pleno dereito, así coma os acordos que nela se tomen. Por certo algún deles e ilegal coma a diarrea de dedicacións que pretende aprobar hoxe.*


*Dende a asemblea cidadá de Carral propoñemos q os plenos volvan a ser polas tardes. A partir das 8, por exemplo. E se lle parece tan mala a proposta, explique os motivos polos q non o fai, do contrario estará aceptando q se tratan de motivos espurios. "*

*O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PsdeG-PSOE amosa o total desacordo do seu grupo coa proposta de facer os plenos pola mañá, pois o pobo non poderá asistir a eles e non se poderá conciliar a vida laboral e municipal, mentres no PP terán adicacións exclusivas ou parciais agochadas. Pide que se realicen ás oito da tarde para non dificultar o labor de oposición e fiscalización.*

*A señora Duarte Gerpe, voceira do grupo municipal do PP indica que as sesións ordinarias se realizarán unha vez cada dous meses pola mañá, aproveitando que están os funcionarios e a xente dos diversos departamentos municipais. Coida que ninguén veu obrigado e que, se non poden compatibilizar os seus labores, deberían telo pensado. Ademais, opina que a xente pode vir e que a proba é que hai público presente, coma en moitos outros concellos.*

*O señor Bergondo indica que non sabe por que fala dos funcionarios, pois os afectados serían quen abre a porta, un policía municipal que traballe pola tarde e os dous que están na mesa con adicación exclusiva, polo que, aínda que non está seguro da normativa, coida que poderían vir.*





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

pola tarde, cando se lles mande. Opina que é unha actitude hipócrita, pois así os traballadores non poden axudar no seu Concello, e pregúntase se para iso hai que estar parado, non facer nada ou xubilado. Segundo o Estatuto dos Traballadores poden faltar ao traballo po lei, mais indica que un partido en Madrid modificou a normativa laboral para poder botalos do traballo en calquera momento. Indica que o público presente "son todos deste lado e veñen animarnos", e que non hai ninguén non politizado ou que non sexa da prensa, e o pobo non asiste.

O señor Couto opina que as razóns que aducen non son válidas e que son excusas polo interese que teñen, que non é o dos funcionarios, que poden estar ás oito da tarde. Coida que hai que permitir que asista xente coma público, porque senón é como facelo a escuras. Reitera a súa proposta de que se fagan as sesións ás oito da tarde coma na maioría dos sitios, e engade que o ideal sería que fosen radiadas, para que a xente se enteira das cousas que pasan que, na súa opinión, son moi graves, e seguen no escurantismo.

A señora Duarte Gerpe replica que os representantes do pobo están sentados aquí e que o público non tería voz no Pleno da Corporación, no que non hai escurantismo na súa opinión, porque é público e porque a acta vai ser pública.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a cinco votos en contra (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo municipal mixto (Asemblea Cidadá de Carral-SON)), adoptando os seguintes acordos:

- 1.-Fixar a realización das sesións ordinarias do Pleno do Concello de Carral cada dous meses, no derradeiro xoves dos meses impares (xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro).
- 2.-As devanditas sesións ordinarias do Pleno realizaranse ás doce horas.
- 3.-A sesión trasladarase ao inmediato día hábil anterior ou posterior en caso de ser inhábil o día sinalado.
- 4.-Facultar, asemade, ao señor Alcalde, para adiantar ou adiar a realización da sesión, sen alterar o número delas que se deberán realizar durante o exercicio, para facilitar a asistencia dos/as membros da Corporación, no caso de coincidir con períodos vacacionais cuxas datas varían de ano a ano, ou por necesidades de cumprimento de prazos polos acordos plenarios correspondentes nos expedientes en que se xustifique tal circunstancia.

### 3.- PROPOSTA DE ACORDO SOBRE CONSTITUCIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

#### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 6 de xullo de 2015, como segue:

#### "PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

**Asunto:** Constitución de comisións informativas permanentes e determinación da súa composición

Logo de ver os artigos 66 a 68 da Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia (LALGA en adelante), reguladores da Comisión Especial de Contas e das comisións de estudo, informe ou consulta:





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

último dos cales se indica " 1. Constituiranse comisións de estudio, informe e consulta en tódolos municipios de máisde cinco mil habitantes. Nos demais poderán constituírse potestativamente, se así o acorda o Pleno da Corporación.

2. Corresponderanlles a estas comisións o estudio e o dictame previos dos asuntos que deban someterse á decisión do Pleno ou da Comisión de Goberno cando actúe por delegación deste. Así mesmo, poderán intervir en relación cos asuntos que deban someterse á Comisión de Goberno cando este órgano lles solicite dictame.
3. Corresponderalle ó Pleno determina-lo número e a denominación das comisións de estudio, informe ou consulta e mailas súas modificacións.
4. Estas comisións poderán constituírse tamén con carácter temporal para tratar de temas específicos.
5. As comisións estarán integradas polos membros que designen os distintos grupos políticos que forman parte da Corporación, de conformidade cos criterios ós que se refire o artigo 66.2 desta lei".

Logo de ver, por outra banda, os artigos 123 a 127 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF en adiante), en especial, os artigos 124.1 e .2 , segundo o cal,

"1. Las Comisiones informativas pueden ser permanentes y especiales.

2. Son Comisiones informativas permanentes las que se constituyen con carácter general, distribuyendo entre ellas las materias que han de someterse al Pleno.

Su número y denominación iniciales, así como cualquier variación de las mismas durante el mandato corporativo, se decidirá mediante acuerdo adoptado por el Pleno a propuesta del Alcalde o Presidente, procurando, en lo posible, su correspondencia con el número y denominación de las grandes áreas en que se estructuren los servicios corporativos. (...)",

e 125, segundo o cal "En el acuerdo de creación de las Comisiones informativas se determinará la composición concreta de las mismas, teniendo en cuenta las siguientes reglas:

- a. El Alcalde o Presidente de la Corporación, es el Presidente nato de todas ellas; sin embargo, la Presidencia efectiva podrá delegarla en cualquier miembro de la Corporación, a propuesta de la propia Comisión, tras la correspondiente elección efectuada en su seno.
- b. Cada Comisión estará integrada de forma que su composición se acomode a la proporcionalidad existente entre los distintos grupos políticos representados en la Corporación.
- c. La adscripción concreta a cada Comisión de los miembros de la Corporación que deban formar parte de la misma en representación de cada grupo, se realizará mediante escrito del portavoz del mismo dirigido al Alcalde o Presidente, y del que se dará cuenta al Pleno. Podrá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular."

Por outra banda, segundo o artigo 127 ROF" 1. La Comisión especial de cuentas es de existencia preceptiva, según dispone el artículo 116 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, y su constitución, composición e integración y funcionamiento se ajusta a lo establecido para las demás comisiones informativas.

2. Corresponde a la Comisión especial de cuentas el examen, estudio e informe de todas las cuentas, presupuestarias y extrapresupuestarias, que deba aprobar el Pleno de la Corporación, de acuerdo con lo establecido en la legislación reguladora de la contabilidad de las entidades locales.

3. Bien a través del reglamento orgánico o mediante acuerdo adoptado por el Pleno de la Corporación, la Comisión especial de cuentas podrá actuar como Comisión informativa permanente para los asuntos relativos a Economía y Hacienda de la entidad."

Por todo iso, propoño ao Pleno do Concello de Carral que, en uso da atribución propia (art. 22.2 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adiante), en relación co 38.b) e 123 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF en adiante), adopte os seguintes





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:*

### ACORDOS:

1.-Constituir as Comisións Informativas Permanentes que se relacionan a seguir:

-Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno.

-Comisión informativa especial de contas.

2.-Determinar que a composición de cada unha delas, con proporcionalidade en relación aos resultados obtidos nas eleccións locais do 24 de maio de 2015 polos grupos políticos presentes na Corporación, sexa de cinco membros do grupo municipal do Partido Popular, tres do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, e un do Grupo Mixto (Asemblea Cidadá de Carral/SON).

3.-A adscrición concreta a cada comisión dos/as membros da Corporación que deban formar parte dela en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro deste dirixido ao Alcalde ou Presidente, e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular.

4.-O Alcalde-Presidente da Corporación, é o Presidente nato de todas elas; porén, a Presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seo.

5.-As Comisións Informativas realizarán as súas sesións con anterioridade ás dos órganos en relación a cuxos acordos deban emitir ditame previo, co mesmo carácter (ordinario ou extraordinario) que as sesións de tales órganos, nos días e horas que estableza o Alcalde ou o seu respectivo Presidente, tendo en conta que as sesións ordinarias se realizaran os luns anteriores ás sesións ordinarias do Pleno, dende as trece horas.

6.-As comisións informativas permanentes axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do ROF e demais normativa concordante.

### DEBATE

O señor Bergondo Trillo (voceiro do grupo municipal mixto-ACC/SON) dá lectura á súa intervención e solicita a súa transcripción literal na acta, para o cal facilita a súa transcripción en formato dixital, como segue:

"As comisións informativas son un elemento fundamental para cumprir coas prácticas de bo goberno, xa que son o canle legalmente establecido para cumprir cos criterios de transparencia corporativa de cara a que o goberno municipal presente a documentación que días despois trasladará a pleno para a súa aprobación. Neste sentido dende a Asemblea Cidadá de Carral, solicitamos que se amplíen os tempos que actualmente está utilizando o Concello en canto á convocatoria das ditas comisións e do propio pleno, para que a oposición, que non dispón nin de persoas con dedicación nin de liberados, teña máis tempo para estudalas e para crear un espazo de diálogo e negociación previo e, incluso posterior á comisión que permitan chegar a acordos plenario que beneficien ao Concello de Carral e as súas xentes.

Dende a asemblea cidadá de Carral consideramos q a proposta que trae o goberno local á debate plenario ten dúas eivas:

En primeiro lugar estamos convencidos que a constitución de tan só dúas comisións informativas permanentes: a de contas e a de asuntos previos ao pleno, supón unha carencia estrutural que







## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:*

*dificultará o establecemento de auténticas vías de diálogo e, xa que logo, reducirá a posibilidade de acadar consensos. Entendemos que a corporación tería un funcionamento moito máis operativo se creamos unha comisión por cada área de goberno, presidida pola persoa que ostenta a responsabilidade. A comisión so se convocaría si se leva a aprobación plenaria algún tema relacionado coa área de goberno correspondente a dita comisión. Con esta proposta sería a propio responsable do área, xunto cos técnicos correspondentes quen defenda a súa proposta na comisión o que sen dúbida melloraría cualitativamente a exposición do devandito tema e facilitaría a posibilidade de establecer procesos negociadores, pois o responsable del área é a persoa máis capacitada para chegar a acordos.*

*En segundo lugar consideramos que non é axeitada a proposta de que as comisións estean formadas por 5 membros do PP, 3 do PSOE e 1 da Asemblea Cidadá de Carral. Tanto para aforrar cartos coma para facer máis operativo o funcionamento das comisións, é máis apropiado o voto ponderado, un método que funciona nos concellos máis avanzados que consiste en asistir un so membro por cada grupo municipal, cuxo voto pesa tanto como concelleiros teña o grupo municipal ao que pertence.*

*Por outra banda, para mellorar en calidade democrática, propoñemos a constitución da Xunta de Portavoces na procura de consensuar a orde do día dos plenos para centrar a actividade corporativa nos puntos de maior interese para a veciñanza.*

“

O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE opina que é totalmente imposible compatibilizar o labor municipal coa vida laboral e que o tempo que se dá para o estudo dos asuntos é totalmente insuficiente. Ao seu parecer, existe unha falla en xeral de diálogo, pois non houbo ningunha reunión informal nin se consultou nada. Sabe que o equipo de goberno conta coa maioría absoluta, mais pensa que deberían comentar as propostas á oposición para que poida propoñer ideas. Opina que as comisións informativas van ser un “paripé” e pide que os asuntos se poñan a disposición con máis tempo para permitir o labor da oposición e poder comentalos.

A señora Duarte Gerpe, voceira do grupo municipal do PP manifesta que as sesións das comisións informativas sempre se fan en tempo e forma, pois o Secretario traslada a súa convocatoria. Manifesta que, se van ter tempo ou non é cuestión de que teñen que saber onde están, e pide que non boten a culpa a outros.

O señor Alcalde engade que hai voceiros designados por cada grupo e que falarán eles por orde nun segundo turno: primeiro o que menos concelleiros ten e despois o PSOE.

O señor Bergondo manifesta que pouco máis hai que dicir e opina que, aínda que se fagan as cousas legalmente en tempo e forma, eses prazos se poden ampliar. Pide que se apliquen o consello de que todos deben saber onde estamos, e que non intente rir de nós e deixar todo reducido ao tempo e forma.

O señor Couto tamén indica que a lei establece uns prazos mínimos, mais que a información se pode entregar antes. Coida que as comisións informativas podían ser, por exemplo, unha semana antes dos plenos. Engade que por suposto saben onde están, e que dan argumentos para que a oposición sexa posible e que a xente poida velo por si. Indica que a oposición vai ter que funcionar con 50 € ao mes de media, pois non hai achegas para a oposición ao “pasar o rodillo” o equipo de goberno.

A señora Duarte Gerpe replica que, aínda que as sesións se fan en tempo e forma, leva dodece anos escoitando á oposición que non lles deu tempo a estudar os asuntos. Indica que antes dos





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

luns das sesións teñen os documentos para ollalos, e reitera que cada un ten que saber onde está e cales van ser as súas funcións ao asumir o posto.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a cinco votos en contra (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo municipal mixto (Asemblea Cidadá de Carral-SON)), adoptando os seguintes acordos:

1.-Constituir as Comisións Informativas Permanentes que se relacionan a seguir:

- Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno.
- Comisión informativa especial de contas.

2.-Determinar que a composición de cada unha delas, con proporcionalidade en relación aos resultados obtidos nas eleccións locais do 24 de maio de 2015 polos grupos políticos presentes na Corporación, sexa de cinco membros do grupo municipal do Partido Popular, tres do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, e un do Grupo Mixto (Asemblea Cidadá de Carral/SON).

3.-A adscrición concreta a cada comisión dos/as membros da Corporación que deban formar parte dela en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro deste dirixido ao Alcalde ou Presidente, e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular.

4.-O Alcalde-Presidente da Corporación, é o Presidente nato de todas elas; porén, a Presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seo.

5.-As Comisións Informativas realizarán as súas sesións con anterioridade ás dos órganos en relación a cuxos acordos deban emitir ditame previo, co mesmo carácter (ordinario ou extraordinario) que as sesións de tales órganos, nos días e horas que estableza o Alcalde ou o seu respectivo Presidente, tendo en conta que as sesións ordinarias se realizaran os luns anteriores ás sesións ordinarias do Pleno, dende as trece horas.


6.-As comisións informativas permanentes axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do ROF e demais normativa concordante.

### 4.- PROPOSTA DE NOMEAMENTOS DE COMPETENCIA DO PLENO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 6 de xullo de 2015, como segue:





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

### "PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

**Asunto: Nomeamentos de competencia do Pleno de representantes da Corporación en órganos colexiados.**

Logo de constituírse a Corporación resultante das eleccións locais realizadas o 24 de maio de 2015, segundo o artigo 38.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF en adelante), o Pleno do Concello de Carral ha de resolver sobre os nomeamentos de representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan da súa competencia.

Á vista dos estatutos e demais normas reguladoras das entidades nas que intervén o Concello de Carral, hanse de nomear, por tanto, os representantes municipais no número e condicións indicados en cada un deles.

Por iso, propoño ao Pleno do Concello de Carral que, en uso da atribución propia (art. 22.2 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adelante), en relación co 38.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), adopte os seguintes

#### ACORDOS:

**1).**-Nomear coma representantes do Concello de Carral en cada unha das entidades e órganos que se indican aos/ás seguintes Concelleiros/as:

- a) GDR Mariñas-Betanzos: Señor Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.
- b) Consorcio das Mariñas: Señor Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.
- c) Entidade de conservación do Polígono Industrial dos Capelos: Señor Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.
- d) Consello escolar: Señor Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.
- e) Concentración parcelaria: Señor Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.
- f) Carral Radio: Señor Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.
- g) Asemblea Xeral e Comisión Mixta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: Señor Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.
- h) Consello escolar da Galiña Azul: Señor Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.

**2).**- Comunicar os nomeamentos a cada unha das entidades indicadas."

#### **DEBATE**

O señor Bergondo Trillo (voceiro do grupo municipal mixto-ACC/SON) dá lectura á súa intervención e solicita a súa transcripción literal na acta, para o cal facilita a súa transcripción en formato dixital, como segue:

"Dende a asemblea cidadá de Carral consideramos que sería moi positivo a participación da oposición en algún deles órganos ou entidades. Demostraría transparencia e lealdade institucional pola súa parte, ao tempo que permitiría reactivar algúns destes órganos que na actualidade non funcionan ou o fan deficitariamente, como por exemplo acontece coa radio municipal: a radio é un medio de cultura, liberdade de expresión e un gran comunicador cara o pobo .A nosa xuventude participaba creando os seus propios programas, e co seu peche promoveu a perda dun recuncho sociocultural ao q a mocidade asistía a cotío. A radio no ámbito local, mantén informados os veciños das novas q acontecen no noso concello. Vostede





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:*

*limitou o acceso dos veciños tanto o seu uso coma o seu disfrute. Tela pechada acarrea problemas xa q os aparatos electrónicos o estar parados estropeanse, collen po, humidade...*

*Outro exemplo de ineficacia podería ser ou órgano do polígono industrial dos Capelos, basta dar unha volta para observar o seu lamentable estado de conservación, practicamente tes que andar sorteando malezas e escombros e q alí se deixan acumular, tal e como estaba non hai nin 3 meses. E todo aquilo tirado non foi cousa dun día. Menos mal q chegaron as eleccións e as presas por limpar. Se a persoa q vaia designar para ese posto non se ve capacitada para levar a cabo o seu labor, busque outra, somos outros 12 aos q pode elixir.*

*Por outra banda dende a asemblea cidadá de Carral queremos facer unha proposta para a creación dunha comisión informativa, non remunerada, cada vez q haxa xuntanzas destes órganos colexiados para que toda a corporación coñeza o que se vai debater e poda facer propostas, así como coñecer o que posteriormente aconteza e a posición adoptada polo representante do noso concello. Así evitaríamos chegar ao noso concello e comprobar, por exemplo, q o imposto de recollida de lixo (dependente do Consorcio das Mariñas), e mais caro, en proporción q o q pagan os coruñeses. Pode que teña unha explicación lóxica? pode, pero a veciñanza non a coñece.*

*E dende a Asemblea cidadá de Carral esixímoslle q tódalas persoas q vostede designe para cada entidade ou órgano asista a tódolos actos, reunións q dende eles se convoquen. E se non pode ir por calquera razón delegue noutro concelleiro pq o que non ten novas de algo denomínase ignorante e non é grato chegar a oír q denominen así o representante do noso pobo. "*

O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PsdeG-PSOE, indica que se propón o nomeamento do Alcalde coma representante en moitos lugares aos que logo non vai, coma no caso do Consello Escolar ao que vai Florinda. Pensa que hai que poñer Carral por enriba de todo e opina que nestes últimos doce anos non se fixo así. Por exemplo, no GDR Oleiros propuxo a solicitude de moitas subvencións e obtivo fondos, por exemplo para o arranxo de lavadoiros, e Carral non. Engade que o labor feito neses organismo polo goberno do Concello de Carral lles parece nulo, e que se poderían facer cousas con xente que traballase e tivese gañas de facer forza.

A señora Duarte Gerpe, voceira do grupo municipal do PP, explica que o Alcalde se designa coma representante e que despois pode delegalo por decreto e que, até agora, cando non puido asistir, sempre foi outra persoa. Engade que no GDR sempre se defenden os intereses de Carral, e que hai proxectos privados, non do Concello directamente, porque non se acadaba a puntuación necesaria. Opina que con esas declaracións, o señor Couto fai un "fraco favor". En canto a Carral Radio, explica que custaba 900 € ao mes por dúas horas á semana, e que había que priorizar. Engade que as instalacións se están a usar coma aula para titorías e de reforzo no ben de todos e que, se mellorase a situación económica, quizais se podería reabrir, mais noutras condicións, non manexada por unha empresa.

O señor Bergondo replica que deben clarexar se o custe era de 900 ou 980 euros ao mes e indica que lle parece ben que se empece a aforrar, mais opina que na radio o que custa é a electricidade. Manifesta o seu acordo con que estaba mal que a levase unha empresa, mais pregunta por que non a poden levar voluntarios, coma rapaces que queiran reabrila de xeito que "non colla pó".

O señor Couto manifesta que lle sorprende que falase de proxectos que no GDR non acadaron a puntuación suficiente, e dille que xa indicará cales foron. Opina que no Consello Escolar d





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

representante municipal prexudicou á comunidade escolar, ao facer que o colexio asumise reformas eléctricas e na cociña que lle correspondían ao Concello, e para as que este non tiña cartos. Opina que os representantes do Concello teñen que estar polo beneficio do pobo de Carral e buscando axudas para que Carral mellore, e non indo "de remolque" e non coma primeiros, como fai Oleiros.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a cinco votos en contra (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo municipal mixto (Asemblea Cidadá de Carral-SON)), adoptando os seguintes acordos:

**1).**- Nomear coma representantes do Concello de Carral en cada unha das entidades e órganos que se indican aos/ás seguintes Concelleiros/as:

- a) GDR Mariñas-Betanzos: Señor Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.
- b) Consorcio das Mariñas: Señor Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.
- c) Entidade de conservación do Polígono Industrial dos Capelos: Señor Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.
- d) Consello escolar: Señor Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.
- e) Concentración parcelaria: Señor Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.
- f) Carral Radio: Señor Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.
- g) Asemblea Xeral e Comisión Mixta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: Señor Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.
- h) Consello escolar da Galiña Azul: Señor Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.

**2).**- Comunicar os nomeamentos a cada unha das entidades indicadas.

### **5.- PROPOSTA DE ACORDOS PLENARIOS REFERENTES A RETRIBUCIÓN DE CARGOS CON ADICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL E RÉXIME DE ADICACIÓN DESTES ÚLTIMOS.**

#### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 6 de xullo de 2015, como segue:

#### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO**

**Asunto: Proposta de acordos plenarios referentes a retribucións de cargos con adicación exclusiva e parcial e réxime de adicación destes últimos.**

Logo de ver o texto vixente do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adiante), segundo o cal "1.Los miembros de las Corporaciones locales percibirán retribuciones por el ejercicio de sus cargos cuando los desempeñen con dedicación exclusiva, en cuyo caso





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:*

serán dados de alta en el Régimen general de la Seguridad Social, asumiendo las Corporaciones el pago de las cuotas empresariales que corresponda, salvo lo dispuesto en el artículo anterior.

En el supuesto de tales retribuciones, su percepción será incompatible con la de otras retribuciones con cargo a los presupuestos de las Administraciones públicas y de los entes, organismos o empresas de ellas dependientes, así como para el desarrollo de otras actividades, todo ello en los términos de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas

2. Los miembros de las Corporaciones locales que desempeñen sus cargos con dedicación parcial por realizar funciones de presidencia, vicepresidencia u ostentar delegaciones, o desarrollar responsabilidades que así lo requieran, percibirán retribuciones por el tiempo de dedicación efectiva a las mismas, en cuyo caso serán igualmente dados de alta en el Régimen General de la Seguridad Social en tal concepto, asumiendo las Corporaciones las cuotas empresariales que corresponda, salvo lo dispuesto en el artículo anterior. Dichas retribuciones no podrán superar en ningún caso los límites que se fijen, en su caso, en las Leyes de Presupuestos Generales del Estado. En los acuerdos plenarios de determinación de los cargos que lleven aparejada esta dedicación parcial y de las retribuciones de los mismos, se deberá contener el régimen de la dedicación mínima necesaria para la percepción de dichas retribuciones.

Los miembros de las Corporaciones locales que sean personal de las Administraciones públicas y de los entes, organismos y empresas de ellas dependientes solamente podrán percibir retribuciones por su dedicación parcial a sus funciones fuera de su jornada en sus respectivos centros de trabajo, en los términos señalados en el artículo 5 de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, sin perjuicio de lo dispuesto en el apartado sexto del presente artículo.

3. Sólo los miembros de la Corporación que no tengan dedicación exclusiva ni dedicación parcial percibirán asistencias por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos colegiados de la Corporación de que formen parte, en la cuantía señalada por el pleno de la misma.

4. Los miembros de las Corporaciones locales percibirán indemnizaciones por los gastos efectivos ocasionados en el ejercicio de su cargo, según las normas de aplicación general en las Administraciones públicas y las que en desarrollo de las mismas apruebe el pleno corporativo.

5.- Las Corporaciones locales consignarán en sus presupuestos las retribuciones, indemnizaciones y asistencias a que se hace referencia en los cuatro números anteriores, dentro de los límites que con carácter general se establezcan, en su caso. Deberán publicarse íntegramente en el "Boletín Oficial" de la Provincia y fijarse en el tablón de anuncios de la Corporación los acuerdos plenarios referentes a retribuciones de los cargos con dedicación exclusiva y parcial y régimen de dedicación de estos últimos, indemnizaciones y asistencias, así como los acuerdos del Presidente de la Corporación determinando los miembros de la misma que realizarán sus funciones en régimen de dedicación exclusiva o parcial. (...)"

Logo de ver, asemade, o texto vixente do artigo 75 bis da LRBRL, nos seus puntos 1, 3 e 4 segundo os cales "**Artículo 75 bis Régimen retributivo de los miembros de las Corporaciones Locales y del personal al servicio de las Entidades Locales**

1. Los miembros de las Corporaciones Locales serán retribuidos por el ejercicio de su cargo en los términos establecidos en el artículo anterior. Los Presupuestos Generales del Estado determinarán, anualmente, el





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

límite máximo total que pueden percibir los miembros de las Corporaciones Locales por todos los conceptos retributivos y asistencias, excluidos los trienios a los que en su caso tengan derecho aquellos funcionarios de carrera que se encuentren en situación de servicios especiales, atendiendo entre otros criterios a la naturaleza de la Corporación local y a su población según la siguiente tabla:

Habitantes	Referencia
Más de 500.000	Secretario de Estado.
300.001 a 500.000	Secretario de Estado -10%.
150.001 a 300.000	Secretario de Estado -20%.
75.001 a 150.000	Secretario de Estado -25%.
50.001 a 75.000	Secretario de Estado -35%.
20.001 a 50.000	Secretario de Estado -45%.
10.001 a 20.000	Secretario de Estado -50%.
5.001 a 10.000	Secretario de Estado -55%.
1.000 a 5.000	Secretario de Estado -60%.

Los miembros de Corporaciones locales de población inferior a 1.000 habitantes no tendrán dedicación exclusiva. Excepcionalmente, podrán desempeñar sus cargos con dedicación parcial, percibiendo sus retribuciones dentro de los límites máximos señalados al efecto en la Ley de Presupuestos Generales del Estado.

(...)

3. Solo los miembros de la Corporación que no tengan dedicación exclusiva ni dedicación parcial percibirán asistencias por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos colegiados de la Corporación de que formen parte, en la cuantía señalada por el Pleno de la misma.


4. En el marco de lo establecido en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, y en el artículo 93.2 de esta Ley, las Leyes anuales de Presupuestos Generales del Estado podrán establecer un límite máximo y mínimo total que por todos los conceptos retributivos pueda percibir el personal al servicio de las Entidades Locales y entidades de ellas dependientes en función del grupo profesional de los funcionarios públicos o equivalente del personal laboral, así como de otros factores que se puedan determinar en las Leyes de Presupuestos Generales del Estado de cada año."

Logo de ver, por último, o texto vixente do artigo 75 ter da LRBRL , no seu punto 1 (no que afecta aos municipios do treito de poboación no que se atopa Carral), segundo o cal "

### **Artículo 75 ter Limitación en el número de los cargos públicos de las Entidades Locales con dedicación exclusiva**

1.De conformidad con lo establecido en el artículo 75 de esta Ley, la prestación de servicios en los Ayuntamientos en régimen de dedicación exclusiva por parte de sus miembros deberá ajustarse en toda





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

caso a los siguientes límites:(...)

**d)**En los Ayuntamientos de Municipios con población comprendida entre 3.001 y 10.000 habitantes, los miembros que podrán prestar sus servicios en régimen de dedicación exclusiva no excederá de tres.(...)"

Considerando o equipo de goberno a necesidade de determinar a adicación exclusiva ou parcial dalgúns/nhas dos/as seus membros aos efectos da correcta realización das súas tarefas de dirección política do Concello, por iso, propoño ao Pleno do Concello de Carral que, en uso da atribución propia (art. 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adelante), en relación cos citados artigos 75, 75 bis e 75 ter LRBRL, previa a preceptiva fiscalización da Intervención do Concello, adopte os seguintes

### ACORDOS:

**1).**-Determinar a adicación exclusiva en relación ao seguinte cargo de goberno do Concello de Carral, coas retribucións que se indican:

-Alcaldía: Retribucións mensuais brutas de 2.760,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 38.640 € + seguridade social a cargo do Concello).

**2).**-Determinar as adicacións parciais en relación ao seguintes cargos de goberno do Concello de Carral, coas retribucións que se indican:

-Concellaría de obras e servizos: Retribucións mensuais brutas de 1.890,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 26.460,00€ + seguridade social a cargo do Concello).(Cun réxime de adicación temporal mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións equivalente ao 85% da xornada establecida en cómputo anual para os funcionarios públicos, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía).

-Concellaría de educación, traballo e benestar : Retribucións mensuais brutas de 1.890,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 26.460,00€ + seguridade social a cargo do Concello).(Cun réxime de adicación temporal mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións equivalente ao 85% da xornada establecida en cómputo anual para os funcionarios públicos, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía).

-Concellaría de cultura, participación cidadá e voluntariado: Retribucións mensuais brutas de 1.000,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 14.000,00€ + seguridade social a cargo do Concello).(Cun réxime de adicación temporal mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións equivalente ao 50% da xornada establecida en cómputo anual para os funcionarios públicos, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía).

-Concellaría de xuventude e deportes: Retribucións mensuais brutas de 1.000,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 14.000,00€ + seguridade social a cargo do Concello).(Cun réxime de adicación temporal mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións equivalente ao 50% da xornada establecida en cómputo anual para os funcionarios públicos, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de







## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

control polos medios que determine a Alcaldía).

**3).**-De acordo co establecido no artigo 75.5 LRBRL, o Alcalde-Presidente determinará os/as membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de adicación exclusiva ou parcial, ocupando as concellarías para as cales o Pleno establece, mediante este acordo, tales adicacións (a partires do 15 de xullo de 2015, aos efectos de poderse axear ao crédito existente para o que resta de exercicio).

**4).**-Publicarse íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e fixar no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con adicación exclusiva e parcial e réxime de adicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así coma os acordos do Alcalde determinando os/as membros da Corporación mesma que realizarán as súas funcións en réxime de adicación exclusiva ou parcial."

No expediente consta o informe de fiscalización da proposta, emitido pola Interventora do Concello o 6 de xullo de 2015.

### DEBATE


O señor Bergondo Trillo (voceiro do grupo municipal mixto-ACC/SON) dá lectura á súa intervención e solicita a súa transcripción literal na acta, para o cal facilita a súa transcripción en formato dixital, como segue:

"Coas propostas que traen os populares ao pleno o goberno municipal incrementa nun 20% os seus emolumentos a costa dos petos da veciñanza. So nos salarios das dedicacións do goberno local que incorpora unha persoa máis con dedicación, agora xa son 5, o gasto incrementase en 19.310 €, pasando de 100.250 € anuais do anterior mandato a 119.560 €, ao que hai que engadir o incremento por asistencias ás xuntas de goberno. En plena situación de crise económica e social, cun concello en bancarrota e cando a tónica xeral é a redución de salarios dos cargos públicos, semella indecente q haxa tal incremento

En relación ao salario do alcalde, propónse un subilo un 6%, que supón un incremento anual de 2100 € pasando de 36.540 a 38.640 € o que significa chegar ata o 86% do máximo marcado por lei para concellos entre 5000 e 10000 habitantes. Un dato que contrasta coa actuación doutros alcaldes, como o da Coruña que reduciu o seu salario ata os 40.000 € o que supón o 50% do seu límite salarial que para concellos de é entre 150.000 e 300.000 habitantes é de 80.000 €. Así pois, as persoas que viven en Carral teñen que soportar unha a carga económica 40 veces superior para manter ao seu alcalde que os que viven en Coruña, que é de 16 céntimos, mentres que para manter a Mourinho nos supón a cada un de nós 6,32 €. E non será pola capacidade e eficacia do noso alcalde pois ten a triste marca de situar a Carral como un dos concellos máis endebedados de Galicia en relación coa súa poboación, basta con comprobar como o grupo de programas de débeda pública incrementouse un 169,3% no orzamento do 2014 en relación co orzamento definitivo de 2013, pasando de 271.687,07 € a 459.974,88 €. Asemade o Concello non so ten unha grande débeda, senón que ten cortado o acceso a novos créditos, e polo tanto non poderá financiar mediante crédito novas inversións durante o ano 2015, ao arrastrar un remanente de tesourería negativo do exercicio orzamentario anterior.

Xa que actúa en plan prepotente, o que non entendo moi ben e pq non se subiu o salario un pouquiño mais, concretamente 97 € ao mes para equiparalo cos 40.000 € anuais que cobra o alcalde da Coruña, total vostede representa a un concello de 6000 habitantes e na Coruña só hai 250000. debe ser pq o seu labor o fronte de este concello e moito maior e os temas e traballos moito mais complicados e difíciles de levar.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:*

*Aínda q se hai tanto q facer e tanto q tratar paréceme moi incoárente facer plenos cada 2 meses, pero bueno...Éche o q hai "*


O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, opina que, á vista das cifras propostas, o resumo é que se agochan coma parciais, contra a lei, adicacións que en realidade son exclusivas, e que se pasa duns 100.000 € do ano pasado a 120.000 €, e que o único aforro é coa baixada do que se paga á oposición no pleno. Opina que non é normal que o Alcalde se suba un 6% as retribucións, e que cobre a metade cá Alcaldesa de Barcelona. Explica que hai un baleiro legal, pois non se fixa o número máximo de adicacións parciais (o das totais é tres), mais opina que coa proposta de dúas adicacións ao 85% se fai unha trampa contra a lei, pois se se suman todas as porcentaxes, o total sería equivalente a 3,7 adicacións. Coida que en tempos de austeridade e co Concello "intervido" até 2022, non é normal que se intenten ocultar, e por iso anuncia que proporán unha moción para solicitar un informe ao Consello Consultivo de Galicia. Conclúe que non atopa sentido a que haxa cinco adicacións cunha xestión tan "deficiente e pésima".

A señora Duarte Gerpe, voceira do grupo municipal do PP, indica que a adicación fixada para o Alcalde está dentro do límite de 45.000€ fixados pola lei para os concellos cos habitantes que ten Carral. Explica que en 12 anos, non tivo soldo no seu primeiro mandato, e traballou igual, e que o que se propón agora é un dos mais baixos da provincia, e que cobra 200 € menos có arquitecto do Concello e máis ou menos igual có encargado de obras. Engade que ten unha responsabilidade grande no Concello, polo que non cre que o soldo proposto sexa tan elevado, sobre todo se se compara con outros concellos coma Abegondo. No tocante ás adicacións ao 85% manifesta que lle dá alegría que o papel fixe tal 85%, porque a responsabilidade é do 100%, e que se di que o traballo é pésimo non debe de vivir en Carral. En canto ás adicacións ao 50%, manifesta que son necesarias para estar a disposición das asociacións e para actividades culturais e deportivas mañá e tarde. Por último, opina que, se lles outorgaron a maioría absoluta, tan mal non o deben de estar a facer, e que, se estivesen eles no goberno, seguro que defenderían a proposta.

O señor Bergondo indica que el está so a pesar de que o votaron 400 persoas e que, pola lei electoral, sen ter sete veces máis votos, ao grupo do PP lle deron sete concelleiros. Opina que unha cousa é o legal e outra é o xusto, e pensa que se debería deixar esquecido nos plenos falar de maiorías ou doutros concellos, pois están en Carral e non lles debería importar o que faga Abegondo. Indica que son 6.000 habitantes cun Alcalde que cobrará o 80% do máximo legal, e que, independentemente do que poida merecer, debería ter un salario equitativo tendo en conta a situación de débeda do Concello.

O señor Couto opina que non se poden comparar as retribucións do Alcalde coas dos funcionarios ou laborais, porque estas veñen fixadas por lei. Engade que o arquitecto o contrataron eles e que, será moi bo se cobra iso. Reitera que, na súa opinión, as adicacións que se fan pasar coma parciais do 85%, en realidade son totais, pois a señora Duarte acaba de dicir que adicarán o 100% da xornada. Fai notar que, asemade, se debe propoñer un sistema de control para comprobar se están cumprindo, igual có dos funcionarios que fichan, e que espera que esa proposta se faga para o próximo pleno. Reitera que levará a proposta ao Consello Consultivo para ver se é legal e, en canto a Abegondo, explica que alí se chega ao máximo legal, mais non se establecen outras adicacións e o concello está saneado, mentres o Concello de Carral está "intervido" até 2022. Opina que o informe de Intervención pasa "de puntillas", mais que en realidade se fai unha trampa legal para encaixar os compromisos do equipo de goberno.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

A señora Duarte Gerpe replica que, cando falou do arquitecto, en realidade referíase ao aparelador. Indica ao señor Bergondo que a maioría é a maioría, e que non sume votos, senón concelleiros, pois el ten un, o PP 7 e o PSOE 5. Engade que conseguir a maioría absoluta nestes tempos é un orgullo. Reitera que, na súa opinión, o soldo que merecía o Alcalde é do 100% do límite e que, aínda así, sería baixo, pois hai encargados de obras que cobran igual sen a responsabilidade do Alcalde, e indica que lle dá vergoña comparalos para que se dea de conta. En canto ás adicacións do 85% reitera que as cousas se fan en tempo e forma, e que a adicación ao servizo do veciño é día e noite.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a cinco votos en contra (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo municipal mixto (Asemblea Cidadá de Carral-SON)), adoptando os seguintes acordos:

**1).**-Determinar a adicación exclusiva en relación ao seguinte cargo de goberno do Concello de Carral, coas retribucións que se indican:

-Alcaldía: Retribucións mensuais brutas de 2.760,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 38.640 € + seguridade social a cargo do Concello).

**2).**-Determinar as adicacións parciais en relación ao seguintes cargos de goberno do Concello de Carral, coas retribucións que se indican:

-Concellaría de obras e servizos: Retribucións mensuais brutas de 1.890,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 26.460,00€ + seguridade social a cargo do Concello).(Cun réxime de adicación temporal mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións equivalente ao 85% da xornada establecida en cómputo anual para os funcionarios públicos, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía).

-Concellaría de educación, traballo e benestar : Retribucións mensuais brutas de 1.890,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 26.460,00€ + seguridade social a cargo do Concello).(Cun réxime de adicación temporal mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións equivalente ao 85% da xornada establecida en cómputo anual para os funcionarios públicos, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía).

-Concellaría de cultura, participación cidadá e voluntariado: Retribucións mensuais brutas de 1.000,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 14.000,00€ + seguridade social a cargo do Concello).(Cun réxime de adicación temporal mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións equivalente ao 50% da xornada establecida en cómputo anual para os funcionarios públicos, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía).

-Concellaría de xuventude e deportes: Retribucións mensuais brutas de 1.000,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 14.000,00€ + seguridade social a cargo do Concello).(Cun réxime de adicación temporal mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións equivalente ao 50% da xornada establecida en





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

cómputo anual para os funcionarios públicos, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía).

**3).**-De acordo co establecido no artigo 75.5 LRBRL, o Alcalde-Presidente determinará os/as membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de adicación exclusiva ou parcial, ocupando as concellarías para as cales o Pleno establece, mediante este acordo, tales adicacións (a partires do 15 de xullo de 2015, aos efectos de poderse axear ao crédito existente para o que resta de exercicio).

**4).**-Publicarse íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e fixar no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con adicación exclusiva e parcial e réxime de adicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así coma os acordos do Alcalde determinando os/as membros da Corporación mesma que realizarán as súas funcións en réxime de adicación exclusiva ou parcial.

### **6.- PROPOSTA DE ASISTENCIAS POLA CONCORRENCIA EFECTIVA A SESIÓN DE ÓRGANOS COLEXIADOS DA CORPORACIÓN.**

#### **EXPOSICIÓN**

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 6 de xullo de 2015, como segue:

#### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO**

**Asunto: Proposta de asistencias pola concorrencia efectiva a sesións de órganos colexiados da Corporación.**

Logo de ver o texto vixente do artigo 75.3, 4 e 5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adiante), segundo o cal "(...)

**3.** Sólo los miembros de la Corporación que no tengan dedicación exclusiva ni dedicación parcial percibirán asistencias por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos colegiados de la Corporación de que formen parte, en la cuantía señalada por el pleno de la misma.

**4.** Los miembros de las Corporaciones locales percibirán indemnizaciones por los gastos efectivos ocasionados en el ejercicio de su cargo, según las normas de aplicación general en las Administraciones públicas y las que en desarrollo de las mismas apruebe el pleno corporativo.

**5.**-Las Corporaciones locales consignarán en sus presupuestos las retribuciones, indemnizaciones y asistencias a que se hace referencia en los cuatro números anteriores, dentro de los límites que con carácter general se establezcan, en su caso. Deberán publicarse íntegramente en el "Boletín Oficial" de la Provincia y fijarse en el tablón de anuncios de la Corporación los acuerdos plenarios referentes a retribuciones de los cargos con dedicación exclusiva y parcial y régimen de dedicación de estos últimos, indemnizaciones y asistencias, así como los acuerdos del Presidente de la Corporación determinando los miembros de la misma que realizarán sus funciones en régimen de dedicación exclusiva o parcial. (...)"

Logo de ver, asemade, o texto vixente do artigo 75 bis da LRBRL, no seu punto 3, segundo o cal **Artículo 75 bis Régimen retributivo de los miembros de las Corporaciones Locales y del personal al servicio de las Entidades Locales**(...)





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

3. Solo los miembros de la Corporación que no tengan dedicación exclusiva ni dedicación parcial percibirán asistencias por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos colegiados de la Corporación de que formen parte, en la cuantía señalada por el Pleno de la misma.”.

Logo de ver os órganos necesarios establecidos no artigo 20.1 LRBRL.

Considerando, por tanto, a necesidade de indemnizar aos/ás señores/as concelleiros/as que non desempeñen o seu cargo en réxime de adicación exclusiva ou parcial pola súa concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, propoño ao Pleno do Concello de Carral que, en uso da atribución propia (art. 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adiante), en relación cos citados artigos 75, e75 bis LRBRL, previa a preceptiva fiscalización da Intervención do Concello, adopte os seguintes

### ACORDOS:

1).-Fixar as contías das asistencias que percibirán só os/as membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva nin adicación parcial pola súa concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de tal Corporación dos que formen parte, como segue:

-Sesións do Pleno: 100,00 € (contía bruta)

-Sesións das comisións informativas: 50,00 € (contía bruta)

-Sesións da Xunta de Goberno Local: 200,00 € (contía bruta)

No caso de que coincida máis dunha sesión de distintos órganos no mesmo día, só se poderá percibir asistencias pola de maior contía.

2).-Publicar íntegramente **no Boletín Oficial** da Provincia e fixar no taboleiro de anuncios da Corporación este acordo plenario referente ao réxime de asistencias.”

No expediente consta o informe de fiscalización da proposta, emitido pola Interventora do Concello o 6 de xullo de 2015.

### **DEBATE**

O señor Bergondo Trillo (voceiro do grupo municipal mixto-ACC/SON) dá lectura á súa intervención e solicita a súa transcripción literal na acta, para o cal facilita a súa transcripción en formato dixital, como segue:

“Este e un punto moi moi curioso, xa que por unha banda propoñese o incremento do 18% da cantidade percibida por asistencias ás xuntas de goberno, que pasa de 170€ a 200€ e segundo a proposta de alcaldía celebraríanse como mínimo cada dúas semanas. Esta subida contrasta co recorte 40% por asistencia a plenos que o alcalde pretende aplicar, nun claro intento de afogar á oposición, pasando de 170 a 100 €, como as sesións plenarias son cada dous meses supón que os concelleiros da oposición dispoñen de tan so 50€ mensuais para facer a súa labor de control á acción de goberno e atender á veciñanza, curiosamente so dos concelleiros do PP vense afectados por este recorte pois o resto cobran dedicacións.

Comprobando o tempo real das reunións da Xunta de Goberno do anterior mandato que vostede, Sr. Mouriñoa, presidía, vin tempos de 10, 15, 25 minutos, incluso me falaban doutras de menos de 10 minutos. Tempo real, non tempo traballado, non nos confundamos. Estame falando de 200€ por concelleiro sen adicación por 20 minutos de traballo? Sae a 600€ a hora, carambas.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:*

*e vendo a súa proposta serían dous concelleiros a chupar, perdón, cobrar da veciñanza*

*Co cal esta a valorar mais unhas xuntanzas q so fan os representantes do seu partido q as q se fan nas q nos xuntamos todos, q representamos a case totalidade da veciñanza. E facer cidadáns de primeira e de segunda...*

*Lembrando o punto anterior e todo o plantexado polo sr. Mouriño neste. Fai pensar q o noso alcalde atravesase a dicir q aforra nos pagos por asistir os plenos, cando o q realmente acontece e que os membors do goberno se suben o soldo descaradamente. Ao final aos carralenses vailles sair mais caro pagarlle os cargos deste mandato q do anterior. Soben os pagos q se fan a todos os q compoñen o seu grupo e baixan os da oposicion, a iso chamase nepotismo (Trato de favor cara a familiares ou amigos, aos que se lles outorgan cargos, cartos ou empregos públicos polo mero feito de selo, sen ter en conta outros méritos.)".*

O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, manifesta que lle dá a sensación de que se "pasa o rodillo" para que a oposición non poda facer nada. Explica que en moitos concellos se establecen achegas para o funcionamento dos grupos, mais que aquí non, e que, ao baixar as asignacións por pleno de 170 a 100 €, contará cada concelleiro da oposición cunha media de 50 € ao mes. Así, mentres o equipo de goberno disporá duns 190.000 € ao ano (120.000 máis a correspondente seguridade social), a oposición terá uns 3.600 € ao ano, co que se bate o récord de diferenza de todos os concellos de Galicia. Manifesta que non sabe por que non se dota á oposición de cartos para facer un labor serio, e opina que se debería dar máis importancia aos plenos, subindo as correspondentes asistencias, e baixando as da Xunta de Goberno Local, cuxas reunións son de 10, 15 ou 20 minutos, mentres os plenos levan máis dunha hora. Engade que a austeridade é necesaria, mais non a costa de afogar á oposición cunha proposta totalmente desproporcionada.

A señora Duarte Gerpe, voceira do grupo municipal do PP, indica que vai ter que ser dura, pois pensaba que ían dicir que non querían cobrar nada. Expón que o señor Bergondo non veu á comida de inicio da Corporación e sacou unha nota na prensa dicindo que había que baixar os gastos de protocolo, cando ese á o único gasto que se fai cos concelleiros que entran e saen, e agora láméntanse de que se cobra moito na Xunta de Goberno Local e pouco no Pleno. Engade que o señor Couto asistiu á comida con catro compañeiros e dixo que a pagaba, mais só o fixeron tres porque un deles manifestou que non lle parecía coherente. Explica que é algo que se vén facendo institucionalmente xa dende antes deste equipo de goberno, e opina que fixeron o ridículo, mentres agora din que cobran pouco. Reitera que está desilusionada, pois pensaba que ían dicir que non querían cobrar nada.

O señor Bergondo manifesta que non lle parece normal que celebren que lles votaron cunha comida e considera que a señora Duarte non comprendeu o que el dixo, que non é que el cobre pouco, senón que o equipo de goberno cobra moito. Pregúntase se considera que os demais non o merecen, e se di que "os demais somos unha merda". Por último, opina que as comidas as debe gozar cada un en boa compañía, e indica que el, cando quere ir con amigos, queda con eles.

O señor Couto manifesta que está ben que saque o tema da comida, á que eles asistiron polo seu carácter institucional, mais lembra que custou 900€, cando a partida para emerxencia social ten 900 € para alugueres e luz. Considera que é unha confía importante e explica que por iso pagaron, e opina que o acto se converteu nunha celebración que o Concello non debe asumir cando está endebedado. Opina que agora os gastos de protocolo son os primeiros superfluos, e indica que se sente orgulloso de ter pagado do seu peto.

A señora Duarte Gerpe replica que o señor Couto entendeu que era un acto institucional e que





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

non sabe por que se sentiu mal, pois se realiza non por comer, senón por estar xuntos. Engade que é a única, e que non hai outro gasto de protocolo en catro anos. En canto á Xunta de Goberno Local, explica que, independentemente da duración das sesións, o que se paga é a responsabilidade pola aprobación dos asuntos que se levan a ela, responsabilidade que non teñen os membros da oposición.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a cinco votos en contra (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo municipal mixto (Asemblea Cidadá de Carral-SON)), adoptando os seguintes acordos:

**1).**-Fixar as contías das asistencias que percibirán só os/as membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva nin adicación parcial pola súa concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de tal Corporación dos que formen parte, como segue:

- Sesións do Pleno: 100,00 € (contía bruta)
- Sesións das comisións informativas: 50,00 € (contía bruta)
- Sesións da Xunta de Goberno Local: 200,00 € (contía bruta)

No caso de que coincida máis dunha sesión de distintos órganos no mesmo día, só se poderá percibir asistencias pola de maior contía.

**2).**-Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e fixar no taboleiro de anuncios da Corporación este acordo plenario referente ao réxime de asistencias.

### 7.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTOS E DELEGACIÓN.

Dáse conta ao Pleno dos tres decretos da Alcaldía que se transcriben a continuación, ditados o 6 de xullo de 2015, en materia de nomeamentos e delegacións:

#### **"DECRETO DA ALCALDÍA 294/2015**

**Asunto: Xunta de Goberno Local; designación de membros, réxime de sesións e delegación de atribucións da Alcaldía.**

Logo de ver que que, trala celebración das eleccións locais do 24 de maio de 2015, se constituíu a Corporación resultante delas mediante a sesión realizada o 13 de xuño de 2015.


Logo de ver o disposto nos artigos 20.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local (LRBRL), segundo o cal " La Junta de Goberno Local existe en todos los municipios con población superior a 5.000 habitantes", e 23.1 e .2 LRBRL, segundo o cal , " 1. La Junta de Goberno Local se integra por el Alcalde y un número de Concejales no superior al tercio del número legal de los mismos, nombrados y separados libremente por aquél, dando cuenta al Pleno.

2. Corresponde a la Junta de Goberno Local:

- a. La asistencia al Alcalde en el ejercicio de sus atribuciones.
- b. Las atribuciones que el Alcalde u otro órgano municipal le delegue o le atribuyan las leyes",

Logo de ver, asemade, o disposto nos artigos 35.2 d) e 52, 53, 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais (ROF en diante), e 65 da Lei 5/1997, de





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:*

22 de xuño, de Administración Local de Galicia (LALGA).

En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 LRBRL,

### RESOLVO

**1).**-Nomear membros da Xunta de Goberno Local (que estará presidida por quen ostente a Alcaldía en cada intre) aos/ás seguintes Señores Concelleiros/as:

- 1.-D<sup>a</sup> Florinda Duarte Gerpe.
- 2.-D. José Manuel Montes Martínez.
- 3.-D. Alfonso García González.
- 4.-D<sup>a</sup>.Margarita Ramilo Varela.

**2)** .-A Xunta de Goberno Local realizará sesións ordinarias en semanas alternas, os mércores ás trece horas. En caso de que o día sinalado sexa inhábil, poderá realizarse a sesión correspondente no día anterior ou posterior hábil..

**3).**- Corresponde á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente a este Alcalde no exercicio das súas funcións, as seguintes atribucións delegadas pola Alcaldía:

- a) Aprobación, disposición do gasto e recoñecemento das obrigas, dentro dos límites da atribución orixinaria da Alcaldía
- b) Aprobación da oferta de emprego público, das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.
- c) Outorgamento de licenzas, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente a outro órgano, e toma de razón de comunicacións previas e declaracións responsables. Liquidación de tributos e outros ingresos derivados de licenzas autorizacións que se outorguen pola Xunta de Goberno Local e, no seu caso, das tomas de razón indicadas.
- d) Solicitude de achegas económicas a outras Administracións Públicas, agás que nas bases correspondentes se atribúa a outro órgano..
- e) Aprobación das bases de subvencións e axudas convocadas polo Concello e resolución da súa concesión.

Porén, a Alcaldía resérvase a posibilidade de advocar en calquera intre as atribucións delegadas, segundo os artigos 116 ROF e 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

O réxime xurídico destas delegacións será o previsto nos artigos 114 a 118 ROF.

**4).**- Notificar persoalmente a presente resolución aos/ás designados/as (que se considerará aceptada tácitamente, agás manifestación expresa no termo de tres días hábiles dende a recepción de tal notificación) remitir anuncio correspondente a esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación nel, e publicalo tamén no taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da sinatura desta resolución.

**5).**- Dar conta deste decreto ao Pleno do Concello na primeira sesión que se realice.







## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

### "DECRETO DA ALCALDÍA 295/2015"

#### **Asunto: Designación de Tenentes de Alcalde**

Logo de ver que, trala realización das eleccións locais o 24 de maio de 2015, se constituíu a Corporación resultante delas mediante a sesión realizada o 13 de xuño de 2015.

Logo de ver o disposto nos artigos 20.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local (LRBRL), e 23.3 LRBRL, segundo o cal, " Los Tenientes de Alcalde sustituyen, por el orden de su nombramiento y en los casos de vacante, ausencia o enfermedad, al Alcalde, siendo libremente designados y removidos por éste de entre los miembros de la Junta de Gobierno Local y, donde ésta no exista, de entre los Concejales."

Logo de ver, a tales efectos, o meu decreto do 6 de xullo de 2015, polo que nomeei aos/ás membros da Xunta de Goberno Local do Concello.

Logo de ver asemade o disposto nos artigos 46 a 48 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais (ROF en adiante), e 62 e 63 da Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia (LALGA).

En uso das atribucións que me conferen os artigos 21.1 e 23.3 LRBRL,

#### **RESOLVO**

**1).**-Nomear Tenentes de Alcalde aos /ás seguintes Señores/as Concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local coa orde de nomeamento que se indica:

- 1.-Dª Florinda Duarte Gerpe.
- 2.-D. José Manuel Montes Martínez.
- 3.-D. Alfonso García González.
- 4.-Dª Margarita Ramilo Varela.

**2)** .-Notificar persoalmente a presente resolución aos/ás designados/as (que se considerará aceptada tácitamente, agás manifestación expresa no termo de tres días hábiles dende a recepción de tal notificación), remitir anuncio correspondente a esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación nel, e publicalo tamén no taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da sinatura desta resolución.

**3).**- Dar conta deste decreto ao Pleno do Concello na primeira sesión que se realice en cumprimento do establecido no artigo 38 ROF."


### "DECRETO DA ALCALDÍA 296/2015"

#### **Asunto: Delegacións pola Alcaldía de áreas de goberno municipal en Concelleiros/as-Delegados/as.**

Logo de ver que, trala celebración das eleccións locais o 24 de maio de 2015, se constituíu a Corporación resultante delas mediante a sesión realizada o 13 de xuño de 2015.

Logo de ver o disposto nos artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local (LRBRL), segundo o último dos cales, " El Alcalde puede delegar el ejercicio de determinadas atribuciones en los miembros de la Junta de Gobierno Local y, donde ésta no





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:*

exista, en los Tenientes de Alcalde, sin perjuicio de las delegaciones especiales que, para cometidos específicos, pueda realizar en favor de cualesquiera Concejales, aunque no pertenecieran a aquélla."

Logo de ver, a tales efectos, os meus decretos do 6 de xullo de 2015, polos que nomeei aos/ás membros da Xunta de Goberno Local e Tenentes de Alcalde do Concello.

Logo de ver, asemade, o disposto nos artigos 43 a 45 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais (ROF en adiante).

En uso das atribucións que me conferen os artigos 21.3 e 23.4 LRBRL,

### RESOLVO

**1).**- Delegar nos/as seguintes Señores/as Concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local de xeito xenérico as seguintes áreas e materias de goberno municipal. Tales delegacións comprenden a facultade de dirixir os servizos correspondentes e xestionalos en xeral, mais con reserva para esta Alcaldía das atribucións indelegables en relación ás mesmas, da representación institucional neses ámbitos, da sinatura de escrituras públicas e convenios, e da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros/as:

1ª.-Dª Florinda Duarte Gerpe: Áreas de educación, traballo e benestar.

2ª.-D. José Manuel Montes Martínez: Áreas de medio ambiente, infraestruturas e protección civil.

3ª.-D. Alfonso García González: Áreas de economía, industria e urbanismo.

4ª.-Dª. Margarita Ramilo Varela: Áreas de cultura, participación cidadá e voluntariado.

**2).**- Delegar de xeito específico a favor do Señor Concelleiro non membro da Xunta de Goberno Local, D. Carlos Barbeito Rey a dirección interna e a xestión do departamento de obras e servizos, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros/as, e tamén con reserva para esta Alcaldía das atribucións indelegables en relación a tales servizos, da representación institucional neses ámbitos e da sinatura de escrituras públicas e convenios.

**3).**- Delegar de xeito específico a favor do Señor Concelleiro non membro da Xunta de Goberno Local, D. Rubén Regueira Moar a dirección interna e a xestión do departamento de xuventude e deportes, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros/as, e tamén con reserva para esta Alcaldía das atribucións indelegables en relación a tales servizos, da representación institucional neses ámbitos e da sinatura de escrituras públicas e convenios.

**4)** .-Notificar persoalmente a presente resolución aos/ás designados/as (que se considerará aceptada tácitamente, agás manifestación expresa no termo de tres días hábiles dende a recepción de tal notificación), remitir anuncio correspondente a esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación nel, e publicalo tamén no taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da sinatura desta resolución.

**5).**- Dar conta deste decreto ao Pleno do Concello na primeira sesión que se realice en cumprimento do establecido no artigo 38 ROF."

O señor Bergondo Trillo (voceiro do grupo municipal mixto-ACC/SON), por erro inicia a lectura da súa intervención correspondente ao seguinte punto da orde do día, e o señor Alcalde indicallo





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

O señor Couto López (voceiro do grupo municipal do PsdeG-PSOE) critica os títulos das concellerías delegadas, con tres ou catro áreas cada unha, pois dalle a sensación de que con eles pretenderon xustificar os soldos. Ao respecto, pregúntase que diferenza existe entre infraestruturas e obras e servizos, e critica que non aparezan os servizos sociais como tales, pois teñen moita importancia para seren só unha subárea dunha concellaría.

O señor Alcalde resposta que non é o mesmo infraestruturas e obras e servizos, e que Benestar conleva os servizos sociais, e que así se denomina a correspondente Consellaría da Xunta.

### 8.- PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DO PLENO.

#### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 6 de xullo de 2015, como segue:

#### "PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

**Asunto: Proposta de delegación de atribucións do Pleno.**

Logo de ver que, trala realización das eleccións locais o 24 de maio de 2015, se constituíu a Corporación resultante delas mediante a sesión realizada o 13 de xuño de 2015.

Logo de ver o disposto no artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), segundo o cal, "4.El Pleno puede delegar el ejercicio de sus atribuciones en el Alcalde y en la Junta de Gobierno Local, salvo las enunciadas en el apartado 2, párrafos a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) y p), y en el apartado 3 de este artículo. ", de xeito que se inclúen entre as atribucións delegables do Pleno as que, non esixindo a súa aprobación unha maioría especial, expresamente lle confiran as leis.

Así, a Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP en adiante), establece no texto vixente dos seus puntos 1 e 2 o seguinte:

#### **"Disposición adicional segunda Normas específicas de contratación en las Entidades Locales**

1. Corresponden a los Alcaldes y a los Presidentes de las Entidades locales las competencias como órgano de contratación respecto de los contratos de obras, de suministro, de servicios, de gestión de servicios públicos, los contratos administrativos especiales, y los contratos privados cuando su importe no supere el 10 por 100 de los recursos ordinarios del presupuesto ni, en cualquier caso, la cuantía de seis millones de euros, incluidos los de carácter plurianual cuando su duración no sea superior a cuatro años, siempre que el importe acumulado de todas sus anualidades no supere ni el porcentaje indicado, referido a los recursos ordinarios del presupuesto del primer ejercicio, ni la cuantía señalada.

Asimismo corresponde a los Alcaldes y a los Presidentes de las Entidades locales la adjudicación de concesiones sobre los bienes de las mismas y la adquisición de bienes inmuebles y derechos sujetos a la legislación patrimonial cuando su valor no supere el 10 por 100 de los recursos ordinarios del presupuesto ni el importe de tres millones de euros, así como la enajenación del patrimonio, cuando su valor no supere el porcentaje ni la cuantía indicados.

2. Corresponde al Pleno las competencias como órgano de contratación respecto de los contratos no mencionados en el apartado anterior que celebre la Entidad local.

Asimismo corresponde al Pleno la adjudicación de concesiones sobre los bienes de la Corporación y la





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

adquisición de bienes inmuebles y derechos sujetos a la legislación patrimonial así como la enajenación del patrimonio cuando no estén atribuidas al Alcalde o al Presidente, y de los bienes declarados de valor histórico o artístico cualquiera que sea su valor."

Pola súa banda, o artigo 47.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL en adiante) establece que "1. El establecimiento o modificación de los precios públicos corresponderá al Pleno de la corporación, sin perjuicio de sus facultades de delegación en la Comisión de Gobierno, conforme al artículo 23.2.b) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local. "

Considerando esta Alcaldía que o exercicio das devanditas atribucións sería máis operativo por parte da Xunta de Goberno Local, que pode respostar con máis rapidez ás necesidades en tales materias có Pleno, polo seu réxime de convocatoiras e realización de sesións.

Logo de ver, asemade, o disposto no artigo 51 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF en adiante):"1.El Pleno del Ayuntamiento puede delegar cualquiera de sus atribuciones, en todo o en parte, en el Alcalde y en la Comisión de Gobierno, con excepción de las enumeradas en el artículo 23.2, b), segundo inciso, de la Ley 7/1985, de 2 de abril.

2. El acuerdo plenario por el que se produzca la delegación, que se adoptará por mayoría simple, surtirá efectos desde el día siguiente al de su adopción, sin perjuicio de su publicación en el «Boletín Oficial» de la Provincia. Estas reglas también serán de aplicación a las modificaciones posteriores de dicho acuerdo.

3. El acuerdo de delegación contendrá el ámbito de los asuntos a que la misma se refiera y las facultades concretas que se delegan, así como las condiciones específicas de ejercicio de las mismas en la medida en que se concreten o aparten del régimen general previsto en este Reglamento.

4. Las delegaciones del Pleno en materia de gestión financiera podrán asimismo conferirse a través de las bases de ejecución del Presupuesto."

Por iso, propono ao Pleno do Concello de Carral que, en uso da atribución propia (art. 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL ), adopte os seguintes

### ACORDOS:

1).- Delegar na Xunta de Goberno Local de xeito xenérico as súas atribucións nas seguintes materias que se indican, con todas as facultades correspondentes e nas condicións establecidas nos artigos 51 e 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e na correspondente normativa de aplicación específica en cada unha desas materias.

-Atribucións coma órgano de contratación respecto dos contratos que coresponden ao Pleno do Concello.

-Establecemento e modificación dos prezos públicos.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:*

2).- Estes acordos plenarios producirán efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Estas regras tamén serán de aplicación a las modificaciones posteriores de dicho acuerdo.

3).- Dar conta destes acordos á Xunta de Goberno Local do Concello."

### DEBATE

O señor Bergondo Trillo (voceiro do grupo municipal mixto-ACC/SON) dá lectura á súa intervención e solicita a súa transcripción literal na acta, para o cal facilita a súa transcripción en formato dixital, como segue:

"Segundo o exposto pretende escamotear ao pleno a capacidade de decidir e opinar sobre dous temas transcendentais:

*Por unha banda están as contratacións q corresponden ao pleno do concello. Se afectan a este pleno, ¿non estaría ben que estivesen alí presentes os grupos da oposición?*

*Semella que non, semella que vostede prefere seguir a política de contratación do mandato pasado, contratando a dedo todas as obras e servizos, como aparece recollido no propio perfil do contratante do Concello de Carral, tal e como obriga a lei. No dito perfil do contratante observase como dende xuño de 2011 ata 25 de marzo de 2015 (última contratación que aparece publicada no perfil do contratante), aparecen 19 contratos, todos por procedemento negociado sen publicidade, por un importe de 1.515.366,59 € máis IVE. Asemade pode observase como os contratos repártanse entre un reducido grupo de empresas que repiten nas adxudicacións.*

*A inaceptable política de contratación en base a procedementos negociados sen publicidade fixo perder ás arcas municipais preto de medio millón de euros que poderían terse utilizado para mellorar a calidade de vida da veciñanza. A lexislación establece que na contratación pública debe utilizarse o procedemento aberto con carácter ordinario, isto é así porque o procedemento negociado supón grandes limitacións aos principios de publicidade e concorrencia, tanto é así que diversos estudos establecen que cos procedementos abertos poden supoñer un 30% de aforro sobre o procedemento negociado, polo este so está xustifico cando a licitación resulte inconveniente ou infactible, situación que soamente se da en contadas ocasións. Existe reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo que sinala o carácter extraordinario do procedemento negociado e a necesidade de cumprida xustificación de esa excepcionalidade que o ampara, xustificación que non ofrece o goberno local, neste sentido o Tribunal de Contas tamén ten sinalado que debe acreditarse o procedemento negociado é máis vantaxoso para os intereses públicos, que o procedemento aberto, circunstancia que na meirande parte das ocasións é de imposible xustificación debido que no procedemento aberto pode presentar ofertas calquera empresa que cumpra os requisitos, existindo máis posibilidades de obter finalmente unha oferta de maior calidade e menor prezo.*

*Por outra banda pretende que o Pleno delegue tamén o establecemento e modificación de prezos públicos ¿pq? ¿Para así poder escamotear os gastos q teñen q pagar os nosos veciños? ¿ten medo por iso o fai as agachadas? E increíble isto de modificar prezos sen debates, facer subidas sen argumentalas.... igual q os seus salarios.*

*Tanto tanto traballo, q se fai en 20 minutos, cada dúas semas coma mínimo como ben vostede aclara na documentación q se nos entregou e polo q se cobra 200€ por asistir.... q marabilla!*





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:*

O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PsdeG-PSOE, indica que o procedemento negociado sen publicidade, que é o único que está a usar o Concello, é un sistema escuro, no que só se invita a tres empresarios, e non se conseguen baixas, co que se perden cartos. Considera que se deberían licitar os proxectos por outros procedementos, pois o negociado sen publicidade só debe ser excepcional.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a cinco votos en contra (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PsdeG-PSOE presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo municipal mixto (Asemblea Cidadá de Carral-SON)), adoptando os seguintes acordos:

1).- Delegar na Xunta de Goberno Local de xeito xenérico as súas atribucións nas seguintes materias que se indican, con todas as facultades correspondentes e nas condicións establecidas nos artigos 51 e 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e na correspondente normativa de aplicación específica en cada unha desas materias.

-Atribucións coma órgano de contratación respecto dos contratos que coresponden ao Pleno do Concello.

-Establecemento e modificación dos prezos públicos.

2).- Estes acordos plenarios producirán efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Estas regras tamén serán de aplicación a las modificaciones posteriores de dicho acuerdo.

3).- Dar conta destes acordos á Xunta de Goberno Local do Concello.

### 9.- PROPOSTA DE DERROGACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARRAL.

#### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 6 de xullo de 2015, como segue:

#### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO**

**Asunto: Acordo inicial de derogación do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Carral.**

Logo de ver que o Concello de Carral, no uso das súas potestades de autoorganización, aprobou inicialmente por acordo plenario do 25 de agosto de 2004 o seu Regulamento Orgánico Municipal (ROM), e que, trala súa aprobación definitiva, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, nº 72, do 1 de abril de 2005.

Tendo en conta que dende a devandita data se produciron diversas modificacións normativas que afectan ao contido de numerosos preceptos do ROM e que o fan obsoleto e inaplicable na realidade actual do Concello.

Tendo en conta que a elaboración dun novo ROM pola Corporación actual, resultante das eleccións locais realizadas o 24 de maio de 2015, conlevará o previo estudo por tal Corporación das necesidades actuais do Concello na materia para chegar a un novo texto regulamentario que poida responder a tales necesidades.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 a), c) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante ), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** ,coma órgano competente na materia (segundo o establecido no artigo 22.2.d) LRBRL ) que adopte , segundo o establecido no artigo 49 LRBRL, e coa maioría indicada no artigo 47.2 f) LRBRL) os seguintes

### ACORDOS

- 1.- Aprobar inicialmente a derogación do regulamento orgánico municipal (ROM) do Concello de Carral.
- 2.- Someter o texto do acordo de derogación aprobado inicialmente a información pública e audiencia ás persoas interesadas polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.
- 3.- Unha vez transcorrido tal periodo, someter ao Pleno a resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro de tal prazo, e o texto do acordo de derogación, á súa aprobación definitiva. No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo até entón provisional.
- 4.- Publicar o acordo de derogación do regulamento orgánico municipal, definitivamente aprobado, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña."

No expediente da sesión consta o preceptivo informe da Secretaría do Concello 8/2015, do 6 de xullo.

### DEBATE

O señor Bergondo Trillo (voceiro do grupo municipal mixto-ACC/SON) dá lectura á súa intervención e solicita a súa transcripción literal na acta, para o cal facilita a súa transcripción en formato dixital, como segue:

"É moi importante dispor dun Regulamento actualizado, en canto a normativa, e operativo, en canto o seu funcionamento, q permita cumprir coas practicas de bo goberno. Queda clara a necesidade de realizar un novo ROM, pero tamen esta clara a necesidade de desenvolvelo de xeito colectivo entre todo os grupos políticos da corporacion. Estamos convencidos q con dialogo e xenerosidade, esta corporacion consensuara as bases q rixan o funcionamento organico do noso concello.


Debe quedar claro que significa consenso, polo que o mellor e tirar da RAE, para así aplicala correctamente e non o chou. Consenso: "Acordo producido por consentimento entre tódolos membros dun grupo ou entre varios grupos." E non ten mais acepcións.

E dito isto, dende a asemblea cidadá de Carral propoñemos que o novo regulamento orgánico municipal fose consensuado entre tódolos grupos políticos, nunha comisión non remunerada.

Facer algo que se axuste no tempo.

Facer un regulamento á medida do noso Concello e os nosos veciños.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

*Debería haber un compromiso por parte do Goberno que vai ser promovido urxentemente, xa q tendo en conta os tempos administrativos para presentacións, reclamacións, suxestións como mínimo non o estaría aprobado antes novembro. "*

O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PsdeG-PSOE, tendo en conta que o anterior ROM está desfasado, espera que se faga un novo xa, e supón que o darán feito en tempo e forma, mais contando coa oposición. O señor Alcalde resposta que así se fará.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión (sete do grupo municipal do PP, catro do grupo municipal do PSdeG-PSOE e o señor concelleiro do grupo municipal mixto (Asemblea Cidadá de Carral-SON)), adoptando os seguintes acordos:

- 1.- Aprobar inicialmente a derogación do regulamento orgánico municipal (ROM)do Concello de Carral.
- 2.- Someter o texto do acordo de derogación aprobado inicialmente a información pública e audiencia ás persoas interesadas polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.
- 3.- Unha vez transcorrido tal período, someter ao Pleno a resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro de tal prazo, e o texto do acordo de derogación, á súa aprobación definitiva. No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo até entón provisional.
- 4.- Publicar o acordo de derogación do regulamento orgánico municipal, definitivamente aprobado, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Ao non existir máis temas que tratar, ás 13 horas e 27 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de trinta e dúas páxinas numeradas do un ao trinta e dous , e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouinho

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doyal